



- *Cento Ocupacional AFAES PORTA NOVA*
- *A Secretaria Xeral de Política Social da Xunta visita o Centro Ocupacional de Afaes.*
- *Actividades realizadas nos últimos meses*

CENTRO OCUPACIONAL AFAES PORTA NOVA

Continuando co Boletín nº 6, retomamos outros aspectos do Centro Ocupacional de Afaes.

Obxectivos do Centro Ocupacional

Dende esta perspectiva podemos sinalar entre outros, os seguintes obxectivos:

- Garantir as persoas usuarias os servizos de asistencia nas actividades básicas e instrumentais da vida diaria, o adestramento nas habilidades sociais e a psicoeducación.
- Favorecer a información, asesoramento, educación, e manexo da enfermidade, orientados a adherencia ao tratamento, o manexo dos factores de risco e a prevención das recaídas.
- Promover o uso de recursos comunitarios orientados á normalización, contribuíndo a través da formación e a ocupación, a unha maior e mais efectiva participación na vida social, o

desenvolvemento da autonomía persoal e a mellora da súa autonomía.


- Proporcionar unha fonte de oportunidades para a interacción, comunicación e contacto social. Procurar actividades de apoio e soporte social, de animación sociocultural, de actividade ocupacional, de relacións interpersoais e outras actividades, que favorezan o mantemento de hábitos positivos persoais e das redes sociais.
- Aportar unha contorna para o desenvolvemento de destrezas e habilidades. Facilitar o desenvolvemento e mellora das habilidades adaptativas (axuste persoal e social), formación prelaboral, a formación para o emprego, a orientación e intermediación laboral, e o emprego con apoio, coa finalidade de conseguir o maior desenvolvemento persoal posible das persoas con enfermidade mental.

- Ofrecer unha fonte de realización persoal e autoestima. Proporcionar identidade persoal, poder, seguridade, integración social, roles activos, prestixio e rango social.
- Proporcionar asesoramento e apoio as familias.

- ✓ *Manter e mellorar habilidades prelaborales, dirixidas a proporcionar as habilidades previas ao adecuado desempeño das tarefas propias dun sector laboral determinado.*
- ✓ *Buscar a transición ao emprego remunerado, orientado ás persoas que estean capacitadas para o desempeño de tarefas produtivas específicas cara a centros especiais de emprego ou empresas normalizadas.*
- ✓ *Manter e mellorar repertorios sociais formando e proporcionando ocupacións dignas e significativas que contribúan a optimizar o desenvolvemento persoal.*
- ✓ *Habilitar profesionalmente adquirindo os contidos formativos relacionados cun bo desempeño laboral.*

CARTEIRA DE SERVIZOS DE ATENCIÓN DIÚRNA OCUPACIONAL

Forman parte deste sevizo as seguintes prestacións:



A SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA VISITA O CENTRO OCUPACIONAL DE AFAES

A secretaria xeral de Política Social da Xunta de Galicia, Coro Piñeiro, visitou o pasado 18 de marzo as instalacións do Centro Ocupacional tras a mellora da Consellería de Traballo e Benestar, que concertou por primeira vez prazas en centros ocupacionais das catro asociacións de FEADES Galicia. Tamén asistiu á reunión o deputado provincial Miguel de Santiago.

Das oito prazas concertadas para o noso centro, sete xa están cubertas. Durante a visita, a dirección do centro mostrou a Piñeiro o funcionamento dos talleres que impartimos. En concreto, dos talleres de lavandería, costura e formación de brigadas de xardinería e horta. A nosa directora explicou que o obxectivo destes talleres é traballar con xente máis nova, que leve menos tempo afectada pola enfermidade mental, e que a través da formación poidan mellorar as súas capacidades sociais e laborais.

Os tres talleres dispoñen xa de clientes externos que solicitan os servizos. O de lavandería conta tanto con particulares como con empresas (o club de golf de Miño, barberías, restaurantes...), e desde o centro buscamos conseguir contratos con máis entidades para continuar ampliando a actividade. Con respecto ao taller de costura, os usuarios que reciben esta formación aprenden a elaborarse para eles mesmos algunhas pezas, realizar arranxos, e tamén levan a cabo encargos de clientes.

Así mesmo, neste taller encárganse de remendar pezas que necesiten un arranxo da lavandería.

Para rematar, as brigadas contan cun contrato co centro de día de maiores de Caranza para acometer as labores de limpeza e roce dos seus xardíns dúas ou tres veces ao mes. Tamén se encargan do mantemento dun invernadoiro instalado nun espazo en Os Vicás cedido polo Concello naronés. Dende Afaes animamos a todos os interesados en solicitar algún destes servizos, a pasar polas instalacións de Afaes ou contactar coa entidade a través do teléfono **981388992**.



ACTIVIDADES REALIZADAS NOS ÚLTIMOS MESES

DÍA INTERNACIONAL DOS DEREITOS HUMANOS E DA DIVERSIDADE

Como o ano pasado participamos no acto de celebración do día internacional dos dereitos humanos e da diversidade "A DIVERSIDADE TEN DEREITOS" promovido pola Concellería de Benestar do Concello de Narón mediante un encontro entre entidades sociais da comarca de Ferrolterra que se celebrou no Centro Comercial Odeón de Narón o día 12 de decembro. Cun carácter lúdico, festivo e divulgativo, o acto consistiu nunha exposición de fotografía, outra exposición de artesanía, e en actuacións varias por parte dos usuarios asistentes das distintas entidades, como a lectura dun manifesto, un recital musical, e a realización de actividades de musicoterapia, globoflexia e pintacaras.



FESTA DE NADAL

O pasado 17 de decembro festexamos o noso nadal anticipado coma tódolos anos. Foi un día moi especial cheo de festa, baile e diversión.

COMEZO DA LIGA DE FÚTBOL

O pasado 23 de xaneiro deu comezo a liga de fútbol na que participa Afaes Este primeiro partido xogamos en casa. Irémosvos contando os próximos partidos.

ENTROIDO

O pasado 17 de febreiro festexamos o entroido no centro. Este ano tocou ir disfrazados de exipcios.



FEIRA CIMAG-GANDAGRO 2015

O pasado 19 de febreiro un grupo de 4 usuarios de Afaes acompañados por dúas monitoras acudiron á dita feira en Silleda. Esta feira é a única de España que aglutina maquinaria, agricultura e gandeiría.

CRPL NARÓN

Rúa Río Sil, 1-3, Baixo (Piñeiros)
15570 Narón
Tfno.: 981388992 Fax: 981393018
E-mail: afaesferrol@mundo-r.com

CRPL CERDIDO

Escola da Avispeira, lugar de Portos/n, 15569, Cerdido

CENTRO OCUPACIONAL

Rúa Río Sil, 2-4, Baixo (Piñeiros)
15570 Narón